

Exposición  
**CANDIDA HÖFER**  
***Projects: Done***  
26 febreiro – 23 maio 2010

**'4 PAREDES E UN BANCO'**  
Un programa educativo para escolares  
**Nivel: educación secundaria**  
De 12 a 16 anos

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Esta Guía é unha introdución ás actividades (visita + obradoiro) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada:

**CANDIDA HÖFER**  
***Projects: Done***

Durante a visita abordaremos conceptos como o que significa o MARCO, cal é a súa función, e como ver e gozar a arte contemporánea. Introducimos o concepto de exposición e explicamos o contido da mostra que van ver.

A visita e obradoiro de **Secundaria** ten unha duración aproximada de **1 hora y 30 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos/as**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Seleccionamos algunhas obras e preparamos un percorrido pola exposición para desenvolver a **visita** en función das idades e dos contidos que se intentan transmitir. Procuramos conducila tratando en todo momento de conseguir o auto-descubrimiento, formulando preguntas para que sexan eles mesmos os que ofrezan as respostas ao que están a percibir. Durante a visita a esta exposición centrarémonos en aspectos da educación artística, estética e emocional, utilizando as imaxes como pretexto para traballar a comunicación visual.

A experiencia complétase cun **obradoiro** no 'Laboratorio das artes', o noso espazo de didáctica no primeiro andar, onde os escolares de secundaria levan a cabo unha actividade relacionada coa fotografía de interiores, e cos espazos públicos.

## A exposición

A nova proposta do MARCO neste ano 2010 é unha exposición individual da fotógrafa alemá **Candida Höfer**, unha das máis importantes representantes da Escola de Düsseldorf, na que se mostra unha selección dos seus traballos dos últimos corenta anos, nunha montaxe realizada polo prestixioso estudio de arquitectura Kuehn Malvezzi.

Baixo o título '**Projects: Done**' inclúense obras de proxectos levados a cabo por Candida Höfer entre 1968 e 2008. O termo 'Project' enténdese aquí como forma de traballo que se desenvolve durante un período de tempo previamente establecido, e/ou que é completado —['Done']— unha vez conseguido o obxectivo formulado. Así, as obras seleccionadas ofrecen este trazo distintivo respecto a outros traballos que poderíamos definir como actividade artística regular.

Nos últimos trinta anos, a artista mostrouse especialmente interesada por fotografar espazos arquitectónicos, interiores de edificios públicos relacionados coa cultura e o coñecemento: bibliotecas, museos, palacios, igrexas, habitualmente baleiros, o que á primeira vista se podería interpretar por un interese meramente arquitectónico. Pero non é así, xa que a artista trata de captar a alma dese espazo, un espazo que a través dos seus detalles nos fala do ser humano e da cultura, e que nos permite obter información valiosa sobre as persoas que non están presentes. Na exposición veremos tamén proxectos anteriores a este interese polo espazo baleiro; proxectos aparentemente diferentes, pero que comparten unha mesma temática e un mesmo interese polo espazo.

Paralelamente a esta mostra, a partir de febreiro de 2010 o departamento educativo do MARCO ofrece unha programación dirixida a escolares e público familiar. '**4 paredes e un banco**' é o nome xenérico deste programa de actividades, visitas e talleres. As visitas e talleres para escolares preséntanse como unha oportunidade para observar, para aprender a mirar e a descubrir o que unha imaxe pode contarnos. Pretende ademais achegarnos ao mundo da fotografía, descubrindo as súas posibilidades como técnica artística.

Se desexas máis información sobre a exposición podes solicitala ao departamento didáctico, ou ben acceder a ela directamente na nosa web [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com). No apartado **EXPOSICIÓN TEMPORAIS/+INFO** atoparás a síntese do proxecto expositivo, información sobre a artista, entrevista con Candida Höfer e co arquitecto encargado da montaxe, e imaxes da exposición. Tamén, na Biblioteca-centro de documentación do MARCO preséntase unha exposición bibliográfica con selección de catálogos individuais dos fotógrafos máis importantes da Escola de Düsseldorf.

## Posibilidades didácticas

A denominación do programa, '**4 paredes e un banco**', alude á utilización de espazos arquitectónicos, especialmente interiores, como tema recorrente na obra desta artista. Espazos que falan sobre os que os habitan, e que desta forma nos permiten, como espectadores, comentar o que son e o que significan dende a distancia ou a proximidade que implica a imaxe fotográfica.

O programa didáctico en torno á obra de Candida Höfer pretende potenciar habilidades de observación e percepción visual: unha mirada intelixente, creativa e activa que esperte nos escolares o pracer pola observación, polo descubrimento e pola arte.

Conscientes da sobreexposición de estímulos visuais á que estamos sometidos, e de como isto pode chegar a cegar ou desinteresar a nosa mirada, esta proposta procura que os participantes aprendan a mirar, a ser quen de ver e interpretar unha información visual.

Nun primeiro nivel, preténdese activar unha mirada '**analítica**', potenciando habilidades de observación e identificación de elementos que corresponden a unha análise visual ou formal da imaxe, que se nos presenta como un medio de comunicación e unha vía de coñecemento do noso contorno.

En segundo lugar, preténdese potenciar unha mirada '**sensitiva**' a través da interpretación das obras e da estimulación da capacidade sensorial, propoñendo aos participantes viaxar ao interior destas fotografías. As imaxes da artista presentan arquitecturas e espazos que nos remiten a persoas, animais ou cousas que os habitan. Nesta segunda fase as fotografías convértense en espazos de traballo onde experimentar e sentir, onde atopar personaxes e historias; non só espazos para mirar senón para entrar e participar.

Nunha terceira fase centrámonos nunha mirada '**creativa e artística**' a través de diferentes actividades propostas nos talleres, que xiran en torno á fotografía, á arquitectura e á creación de imaxes. Aquí a fotografía convértese nun medio a través do cal crear unha obra ou proxecto artístico.

O programa '**4 paredes e un banco**' comprende tres partes complementarias: actividades para antes da visita, visita e obradoiro no museo, e actividades para despois da visita. As actividades anteriores permiten abordar na aula conceptos prácticos para motivar e espertar o interese do alumnado, e unha vez no museo axudaranlles a seguir máis activamente o desenvolvemento da visita e taller. As actividades posteriores pretenden ampliar cuestións que

xurdiron durante a visita; afondar nas ideas, temas ou conceptos que suxiren as obras, e en métodos de traballo da arte contemporánea.

Durante a visita procuramos espertar o auto-descubrimento, desenvolvendo habilidades de observación, percepción, reflexión e interpretación. No 'Laboratorio das Artes', o espazo de didáctica situado no 1º andar, a aprendizaxe desenvólvese de forma activa, ofrecendo aos participantes a posibilidade de actuar dende o punto de vista do artista.

En suma, este programa educativo pretende ofrecer claves para lograr a comunicación do alumnado coas obras. O obxectivo final é contribuír a mellorar os mecanismos de percepción e fomentar o interese e respecto pola arte contemporánea.

Exposición  
**CANDIDA HÖFER**  
***Projects: Done***  
26 febreiro – 23 maio 2010

**'4 PAREDES E UN BANCO'**  
Un programa educativo para escolares  
**Nivel: educación secundaria**  
De 12 a 16 anos

**Idades:** de 12 a 16 anos

### **Conexión con materias**

- Educación plástica
- Ciencias sociais, xeografía e historia

### **Obxectivos xerais**

- Educar a mirada
- Aprender a ver e a falar dunha imaxe fotográfica
- Desenvolver actitudes de pensamento crítico
- Participar, comunicarse, traballar en equipo
- Explorar as posibilidades expresivas e narrativas da fotografía
- Analizar visualmente e esteticamente unha imaxe
- Valorar e respectar as diferenzas pessoais, sociais e culturais
- Coñecer o MARCO e a súa función social, procurando espertar un interese polo patrimonio cultural, contribuíndo activamente ao seu respecto, conservación, divulgación e mellora

### **Habilidades e capacidades a desenvolver**

- Percepción e observación
- Análise visual
- Pensamento lóxico
- Comunicación interpersoal
- Creatividade

### **Proposta didáctica**

- Actividades para antes da visita (OPCIONAL)
- A visita á exposición
- O obradoiro no MARCO
- Actividades para despois da visita (OPCIONAL)

## Actividades para antes da visita [OPCIONAL]

### 1. O que contan os espazos

#### Tipo de actividade

Proxecto de investigación e debate no que reflexionamos sobre a idea de espazo

#### Duración

2 sesións de 50 minutos

#### Descrición

Na exposición que visitaremos no MARCO descubriremos unha artista que utiliza a fotografía como medio de expresión. Observaremos as súas imaxes analizando os seus elementos para saber como e por que fai fotografías. Unha das inquietudes dos traballos fotográficos de Candida Höfer é formular a través da imaxe as posibilidades descritivas dos espazos; é dicir, a súa capacidade para falar e transmitir información. Ao observar a imaxe dun lugar concreto podemos coñecer moitas cousas sobre a súa función, a súa historia, e sobre as persoas que o habitan. Os espazos, especialmente cando son públicos, son un dos temas recorrentes na obra de Candida Höfer.

Esta actividade formula unha análise de edificios ou lugares públicos de diferentes países, para detectar semellanzas e diferenzas, e para descubrir como a través de elementos arquitectónicos podemos obter información sobre a historia e a cultura dun lugar. Para iso dividimos a clase en grupos de traballo de 3 a 4 persoas.

En primeiro lugar establecemos as categorías dos espazos a investigar. Debe ser unha clasificación consensuada por todos os grupos; por exemplo:

- Museos
- Prazas
- Palacios
- Bibliotecas
- Óperas e teatros
- Tendas e centros comerciais
- Estadios e espectáculos
- Edificios de vivendas
- Edificios administrativos
- Edificios relixiosos

A continuación, asignarase a cada grupo un país. Unha vez organizada a distribución do traballo comeza a fase de investigación, na que deben buscar imaxes a través de Internet dos lugares que teñen asignados.

A posta en común dos traballos realizarase por categorías, de modo que cada grupo debe entregar as súas imaxes con antelación para que o profesor as organice por carpetas que se correspondan coas categorías de edificios (a clasificación anterior) e con cada país. Por exemplo, se comezamos coa categoría de 'Museos', presentaremos as imaxes de museos de cada grupo ou país, e así sucesivamente.

En cada grupo ou categoría observaremos semellanzas e diferenzas, así como trazos definitorios dese tipo de arquitectura, ou certos elementos que aluden á función, cultura e historia dese edificio e dese país. Como exemplo, estes edificios poderían pertencer á categoría de estadios de deporte e espectáculos:

**Circo Arena, Khabarovsk, Rusia (2001)**



**Coliseo romano, Roma, Italia (80 d.c.)**



**Metrodome, Minneapolis, USA (1982)**



**Estadio Nacional, Brasilia, Brasil (1980)**



Presentamos o resultado da investigación, e debatimos sobre a información que ofrecen a arquitectura e os espazos públicos sobre a cultura e historia de cada un dos países.

## 2. Libros de imaxes

### Tipo de actividade

Proxecto de investigación persoal e de creación artística

### Duración

2 sesións de 50 minutos [adaptable na súa duración, segundo necesidades ou posibilidades]

### Descrición

A exposición que visitaremos no MARCO de Vigo céntrase na obra dunha fotógrafa alemá, Candida Höfer. Alí atoparemos unha selección dos seus traballos dos últimos corenta anos, dende 1968 a 2008: son obras que se corresponden con proxectos independentes que a artista realizou nunhas datas e lugares determinados.

Höfer di que cada un destes proxectos se pode entender como un libro, no que cada unha das fotografías é unha páxina ou capítulo a través da cal se conta unha historia: a historia dese lugar, dese espazo que está a fotografar.

Tomando esta idea como punto de partida, a actividade consiste en contar unha historia a través de varias imaxes que, de xeito secuenciado, formen unha pequena narración que constitúa un proxecto independente.

Divididos en parellas, elaboraremos un proxecto que responda a catro preguntas clave: que? para que? como? cando? onde?

Para iso, seguiremos estes pasos (máis detallados na ficha da páxina seguinte):

- Preparamos a historia que queremos contar (breve)
- Pensamos no que queremos transmitir con ela, nos nosos obxectivos
- Dividimos a historia en diferentes imaxes (coma se se tratase de fotogramas)
- Pensamos nos elementos que debe ter cada fotografía
- Realizamos as fotografías
- Montamos as fotografías como unha proxección (á que se lle pode incorporar música)
- Presentamos o noso proxecto na aula

Os traballos proxectaranse nunha sesión de clase. Ao rematar cada pase, os alumnos en debate aberto falarán sobre as historias que recoñecen na montaxe presentada polos seus compañeiros. Finalmente, cada parella explicará a idea do seu proxecto e descubrirán a historia.

## NOTAS SOBRE O PROXECTO

### 1. ELABORACIÓN DA HISTORIA QUE QUEREMOS CONTAR

Intentemos planificar e ter unha visión global do traballo. É importante ter en conta as posibilidades e dificultades que poidamos atopar, dependendo do tipo de historia. Ao escribir o guión seremos breves, xa que todo o que escribamos deberá reflectirse nas fotografías.

### 2. DIVISIÓN DA HISTORIA EN IMAXES

Pensemos nas imaxes como os fotogramas dunha película ou como as viñetas dunha banda deseñada. Trátase de trasladar o texto a unha imaxe na que representemos o que estamos a contar. Intentemos sintetizar nun máximo de 10 imaxes toda a historia.

### 3. REFLEXIÓN SOBRE OS ELEMENTOS QUE VAN COMPOÑER A IMAXE

Analicemos por separado cada imaxe pensando detidamente no proceso de realización, e definindo cuestións básicas como: onde tomaremos a fotografía, que elementos incluiremos, que persoas ou obxectos poden aparecer, como vai ser a luz, etc. É importante ter sempre en mente as ideas ou conceptos clave que queremos transmitir.

### 4. REALIZACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

Organicemos en detalle esta parte do traballo para evitar atoparnos con dificultades que nos impidan conseguir a imaxe necesaria. Aspectos tan simples como a forma de chegar ao lugar, o que temos que levar, a preparación da cámara ou a axuda necesaria deben ser planificados con antelación para evitar sorpresas.

### 5. MONTAXE DAS FOTOGRAFÍAS

Esta parte pode parecer máis complicada, pero podemos usar recursos sinxelos como un programa Powerpoint ou calquera outro de presentación de fotografías. É interesante que o docente ou algún alumno/a se preste voluntario para explicar ao grupo como montar unha presentación. Tamén podemos incorporar música ou sons para crear unha atmosfera que contribúa a resaltar a historia.

## VISITA E OBRADOIRO NO MARCO Educación Secundaria

### A visita á exposición

Durante a visita abordaremos conceptos como que é o MARCO, cal é a súa función, e qué tipo de actividades realiza. Introducimos o concepto de exposición, explicando o contido da que van ver: **'CANDIDA HÖFER: Projects: Done'**.

Na visita a esta exposición intentamos desenvolver a capacidade para analizar visualmente imaxes fotográficas, e para entendelas como un medio de documentación e de expresión contemporáneo. Falaremos sobre as características formais e estéticas dunha imaxe e sobre a relación entre fotografía e arte.

A idea de proxecto e a organización do traballo nos proxectos será tamén punto de partida para analizar os diferentes traballos que presenta Candida Höfer nesta exposición, que fai un percorrido pola súa produción dos últimos corenta anos.

O espazo é outro dos temas aos que faremos mención, fixándonos no interese da artista por establecer relacións e xogos entre os espazos dentro dunha imaxe, entre as propias imaxes, e en relación co propio espazo expositivo.

Finalmente reflexionaremos sobre un aspecto clave da obra desta artista: a capacidade que teñen os espazos baleiros para falar das persoas que habitualmente os ocupan. Segundo as súas propias palabras, 'as persoas fanse máis visibles ao estar ausentes dun espazo'.

### O obradoiro no Laboratorio das Artes

A relación do ser humano co espazo ponse de manifesto nos interiores de lugares públicos fotografados de Candida Höfer. A súa forma de ver un espazo vai máis alá da selección dun momento determinado, e convértese nun estudio dos elementos que conformarán a imaxe final dese lugar ou espazo. A proposta creativa para os alumnos de secundaria recolle a idea de proxecto presente na obra de Höfer e consiste na creación da maqueta dun espazo público que, máis alá da súa funcionalidade, se converta nun proxecto visual co obxectivo de ser fotografado.

## Actividades para despois da visita [OPCIONAL]

### 1. Ausentes/presentes

#### Tipo de actividade

Proxecto de exposición fotográfica ao redor da idea de ausencia/presencia

#### Duración

A determinar polo/a profesor/a. É interesante desenvolver esta actividade en polo menos dúas sesións de traballo.

#### Descrición

A idea de proxecto é un dos eixes da exposición de Candida Höfer que visitamos no MARCO. Por unha parte, a mostra recolle proxectos da artista realizados en escenarios e tempos diferentes. Pero tamén a exposición en si mesma se concibe como un novo proxecto no que ela mesma revisa e selecciona as obras e a súa colocación no espazo expositivo.

Unha das constantes na obra desta artista é a ausencia de persoas. Moitas veces lle preguntan a que se debe esta preferencia, e ela responde que non son necesarias as persoas porque xa o propio espazo fala delas. Ademais, durante o desenvolvemento dos seus proxectos prefire non molestar coa súa actividade a outras persoas que poden estar a traballar.

Nesta actividade propoñemos analizar os cambios que produce nunha mesma imaxe a ausencia e a presenza de persoas. Tamén queremos experimentar a idea de traballar sobre un proxecto fotográfico involucrándose na súa organización e desenvolvemento, comprendendo que detrás dunha fotografía hai un traballo organizado que non sempre é doado, pero sen o cal non sería posible lograr o resultado buscado.

#### Organización do proxecto

Poremos en marcha un proxecto fotográfico colectivo que terá como resultado a realización dunha exposición de fotografía. O tema ou concepto a tratar é o AUSENCIA/PRESENZA, moi relacionado coa obra de Candida Höfer, e do que intentaremos ofrecer unha nova perspectiva. Trátase de representar en imaxes o contraste que ofrece un mesmo escenario cando o observamos con ou sen persoas.

Dividímonos por parellas. Cada parella presentará 3 parellas de imaxes nas que presenten o tema ausencia/ presenza, por exemplo:



Praia de Samil, Vigo



Praia de Samil, Vigo

Aínda que todos traballaremos sobre un mesmo tema, cada parella ten total liberdade para escoller os espazos, sempre tratando de representar dúas perspectivas dese lugar nas dúas situacións. Intentaremos que as tres series sexan o máis variadas posible, representando tanto interiores como exteriores.

Quizais atopemos dificultades á hora de fotografar certos espazos sen xente, como un estadio ou un teatro, pero podemos explicar o motivo do noso traballo e solicitar permiso para facelo. Nalgúns casos, por exemplo se fotografamos unha praza ou unha rúa, deberemos planificar a saída con antelación e elixir unha hora temperá, así que teremos que madrugar...

Realizaremos as fotografías con cámaras dixitais para facilitar a reprodución dos traballos.

Finalmente presentaremos os traballos a través da montaxe dunha exposición escolar, se é posible nun lugar onde poidan visitala familiares e amigos. Invitemos a outros cursos a coñecer o noso proxecto.

## 2. Cazadores de sombras

### Tipo de actividade

Proxecto fotográfico centrado no tratamento da luz

### Duración

2 sesións de 50 minutos

### Descrición

Traballaremos nun proxecto fotográfico relacionado coa proxección de sombras causadas por unha fonte de luz natural ou artificial.

Durante a visita á exposición vimos que a luz é un dos elementos clave na realización dunha fotografía. No caso de Candida Höfer, inclínase por unha luz natural, e a intervención da artista céntrase en seleccionar o momento do día no que debe tomar a fotografía.

Nas imaxes de interiores de edificios públicos, a artista presenta unha luz uniforme que ilumina todo o ambiente e crea unha sensación de calma, prescindindo de todo dramatismo. En proxectos anteriores, como *Liverpool*, o tratamento da luz era diferente, e as sombras gañaban protagonismo na fotografía.

Observa a imaxe da páxina seguinte e contesta a estas preguntas:

- Que momento do día é?
- Como podes sabelo?
- Hai contrastes de luz e sombra?
- Onde os ves?
- Está realizada con luz natural ou artificial?
- Onde estaría situado o sol?
- Que tipo de sombras observas na imaxe?
- Como son as sombras das persoas?
- Sabes dicir por que?
- Cres que a luz é importante na composición desta imaxe?
- Podes imaxinar este espazo noutro momento do día?



Candida Höfer. *Liverpool I* 1968. © Candida Höfer / VG Bild-Kunst, Bonn 2010

Vimos que a luz xoga un papel fundamental na composición dunha fotografía. A continuación, propoñemos crear entre todos unha exposición de fotografía, tomando como punto de partida o tratamento de luces e sombras na imaxe.

Para iso dividiremonos en dous grupos:

- Interiores
- Exteriores

### **Interiores**

O grupo de interiores centrará a súa atención na incidencia da luz artificial nos obxectos e espazos. Cada persoa elaborará o seu propio proxecto fotográfico (3 ou 4 imaxes).

Os fotógrafos de interiores deberán experimentar con focos de luz sobre diferentes obxectos, tratando de 'cazar' as sombras coas súas cámaras. Tamén experimentarán os efectos da luz aplicada a un espazo interior, xogando neste caso cos contrastes de luz exterior e interior e experimentando as posibilidades dramáticas que a luz pode ter nunha escena. Pensemos na utilización da luz no cinema para crear suspense ou terror.

### **Exteriores**

Os alumnos deste grupo deben centrar a súa atención nos efectos da luz natural en diferentes escenarios, como unha rúa da cidade, unha praza, unha estrada, unha zona rural, un bosque, unha praia, etc. Intentarán recoller os cambios da luz e a súa influencia no modo en que observamos un espazo exterior.

Estudarán os efectos da luz e a sombra en diferentes momentos sobre un punto determinado, tratando de captalo nas súas fotografías. Cada participante escollerá un espazo para reflectir, a través de 3 ou 4 fotografías, a importancia dos cambios da luz na imaxe.

Unha vez realizados os traballos, prepararemos unha proxección para observar e comentar os resultados.

## SUXESTIÓNS

Gustaríanos que sentises este museo como teu e compartir contigo os recursos para contribuír á mellora da educación artística. Se tes algunha idea para desenvolver programas ou actividades educativas relacionadas coa arte e a cultura contemporánea e queres colaborar co MARCO, ponte en contacto connosco.

Agradeceríamos que nos fixeses chegar os resultados das vosas actividades ou proxectos, así como calquera outra información relacionada con esta experiencia: que che parece o enfoque do noso programa educativo? cal é a túa opinión profesional? tes algunha suxestión?

Podes facernos chegar os teus comentarios **persoalmente**, por **correo postal**, a través do **teléfono**, **fax**, ou **correo electrónico**, ou da web [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com), á atención de:

Marta Viana Tomé  
Pilar Souto Soto  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Departamento Didáctico  
Príncipe 54  
36202 Vigo  
Tel. +34 986 113900  
Fax +34 986 113901  
[marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com)  
[pilar.souto@marcovigo.com](mailto:pilar.souto@marcovigo.com)  
[www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com)

Pedro A. Cordón Casais  
Asesor e autor do programa educativo